



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Literatura infantil e a súa didáctica	Código	652G01024	
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Sobrino Freire, Iria	Correo electrónico	iria.sobrino@udc.es	
Profesorado	Sobrino Freire, Iria	Correo electrónico	iria.sobrino@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A materia destínase a proporcionar formación básica para o desempeño de labores de mediación literaria con nenas e nenos de 0 a 6 anos. Trátase do primeiro contacto que o alumnado do grao establece con este ámbito, polo que a intención é realizar unha aproximación panorámica aos diferentes contidos necesarios para esta práctica, alén de ofrecer recursos para a formación permanente. Pártese da abordaxe á especificidade do campo da literatura infantil e os beneficios dun achegamento temperán ás formas literarias, así como da definición dos obxectivos da educación literaria. Para o coñecemento do corpus, introdúcese unha dobre perspectiva, diacrónica ?o desenvolvemento histórico desde a literatura de tradición oral até as obras escritas para as primeiras idades? e sincrónica ?a tipoloxía e as características dos libros infantís na actualidade?. Para a dimensión metodolóxica, introdúcense diversas prácticas de mediación literaria e preséntanse as posibilidades de traballo colectivo a partir da biblioteca escolar.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A4	Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas.
A6	Coñecer a dimensión pedagóxica da interacción cos iguais e os adultos e saber promover a participación en actividades colectivas, o traballo cooperativo e o esforzo individual.
A13	Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalista; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sustentable.
A28	Coñecer experiencias internacionais e exemplos de prácticas de innovadoras en educación infantil.
A29	Valorar a importancia do traballo en equipo.
A37	Adquirir coñecemento sobre a evolución do pensamento, as costumes, as crenzas e os movementos sociais e políticos ao longo da historia.
A40	Promover o interese e o respecto polo medio natural, social e cultural a través de proxectos didácticos adecuados.
A42	Coñecer o currículo de lingua e lectoescritura desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes.
A43	Favorecer as capacidades da fala e da escritura.
A44	Coñecer e dominar técnicas de expresión oral e escrita.
A45	Coñecer a tradición oral e o folclore.
A46	Comprender o paso da oralidade á escritura e coñecer os diferentes rexistros e usos da lingua.
A47	Coñecer o proceso de aprendizaxe da lectura e a escritura e o seu ensino.
A48	Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües.
A49	Recoñecer e valorar o uso adecuado da linguaxe verbal e non verbal.
A50	Coñecer e utilizar adecuadamente recursos para a animación á lectura e á escritura.
A51	Adquirir formación literaria e en especial coñecer a literatura infantil.
A52	Ser capaz de fomentar unha primeira aproximación a unha lingua estranxeira.
A54	Coñecer e utilizar cancións para promover a educación auditiva, rítmica e vocal.



A57	Analizar as linguaxes audiovisuais e as súas implicacións educativas.
A63	Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica.
B3	Aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
B10	Capacidade de análise e síntese.
B11	Capacidade de busca e manexo de información.
B12	Capacidade de organización e planificación.
B15	Capacidade para asumir a necesidade dun desenvolvemento profesional continuo, a través da reflexión sobre a propia práctica.
B16	Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos noutras áreas e en contextos diferentes.
B17	Capacidade para presentar, defender e debater ideas utilizando argumentos sólidos.
B19	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
B20	Coñecemento de outras culturas e de outras costumes.
B21	Coñecemento e comunicación en linguas estranxeiras.
B22	Creatividade ou capacidade para pensar as cousas desde diferentes perspectivas, ofrecendo novas solucións aos problemas.
B24	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade.
B25	Utilización das TIC no ámbito de estudo e do contexto profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
	Comprender os beneficios da literatura infantil no desenvolvemento dos nenos e nenas, a especificidade deste campo literario e as funcións da educación literaria.	A37	B10 B11 B12 B19 B22
Coñecer o proceso de iniciación literaria na primeira infancia.	A47 A48 A52	B21	C2
Coñecer e valorar o corpus da literatura de tradición oral compartida coa infancia, os seus usos e principais subxéneros.	A45		
Coñecer a evolución e as características fundamentais da literatura infantil no mundo occidental, no ámbito estatal e en Galiza	A13 A37 A45 A51	B10 B11 B12 B19 B20 B24	C1
Familiarizarse co corpus da literatura para as primeiras idades e ser capaces de analízalo en profundidade.	A51		



Coñecer os principais xéneros e tipos de libro infantil e as súas características.	A45 A46 A47 A50 A51 A54 A57	B11	
Ser conscientes da importancia da mediación literaria e coñecer prácticas adecuadas para a primeira infancia.	A4 A6 A13 A28 A29 A45 A47 A49 A50 A51	B11	C4 C7
Ser capaces de deseñar e implementar unha actividade de mediación literaria e reflexionar sobre a propia práctica	A6 A40 A43 A44 A49 A50 A51 A63	B3 B5 B6 B7 B12 B15 B16 B19	C1 C4
Identificar as características da biblioteca escolar e coñecer experiencias de innovación xurdidas a partir desta	A13 A28 A42 A43 A47 A50 A51		
Ser capaces de elaborar unha selección adecuada para unha biblioteca escolar	A51	B7 B11 B17 B25	C3 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Literatura infantil e educación literaria: conceptos fundamentais	1.1. A especificidade da literatura infantil 1.2. A iniciación literaria nas primeiras idades: obxectivos educativos
2. Breve panorama histórico da literatura infantil	2.1. A literatura de tradición oral 2.2. As orixes da literatura infantil escrita no mundo occidental 2.3. A evolución da literatura para as primeiras idades
3. Os libros para as primeiras idades na actualidade	3.1. Características e tipoloxía 3.2. Itinerarios lectores de 0 a 6 anos 3.3. Ler a imaxe: o álbum ilustrado



4. Prácticas de mediación literaria na etapa infantil	4.1. A lectura en voz alta, narración, recitado ou escenificación de pezas literarias 4.2. A conversa literaria 4.3. A creación literaria 4.4. A dramatización
5. A biblioteca escolar	5.1. Proxecto Lector de Centro e biblioteca escolar 5.3. Características das novas bibliotecas escolares 5.2. A construción da colección: canon e criterios de selección

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A57 A54 A52 A51 A50 A48 A47 A46 A45 A42 A41 A40 A37 A28 A23 A13 A4 A1 B3 B17 B19 B20 B21 B24 C1 C2 C4 C8	14	21	35
Obradoiro	A57 A54 A51 A50 A49 A47 A46 A45 A44 A43 A42 A40 A37 A29 A28 A13 A6 A4 B25 B24 B22 B20 B19 B17 B16 B15 B12 B11 B10 B7 B6 B5 B3 C1 C3 C4 C7 C8	14	14	28
Lecturas	A1 A4 A6 A13 A28 A37 A42 A45 A46 A47 A50 A51 A54 A57 B3 B10 B11 B12 C4 C8	5	15	20
Saídas de campo	A1 A23 A28 A50 A51 A54 A55 B16	3	1	4
Eventos científicos e/ou divulgativos	A28 A51	3	1	4
Traballos tutelados	A63 A57 A54 A51 A50 A49 A47 A46 A45 A44 A43 A42 A40 A37 A29 A28 A13 A6 A4 B25 B24 B22 B20 B19 B17 B16 B15 B12 B11 B10 B7 B6 B5 B3 C1 C3 C4 C7 C8	0	21	21
Presentación oral	A23 A29 A44 A50 A51 B3 B5 B7 B10 B11 B12 B17 B19 C1 C3	3	3	6



Proba de ensaio	A57 A55 A54 A51 A50 A49 A47 A46 A45 A44 A43 A42 A40 A37 A28 A23 A13 A6 A4 A1 B1 B3 B4 B10 B11 B12 B19 C1 C4	3	27	30
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición dos contidos da materia por parte do profesorado.
Obradoiro	Resolución de tarefas prácticas a través de diversas metodoloxías (exposicións, simulacións, debates, prácticas guiadas, etc.), co apoio e supervisión do profesorado.
Lecturas	Lectura de obras ou fragmentos seleccionados de obras de literatura infantil, así como de bibliografía específica.
Saídas de campo	Visita a unha biblioteca pública para coñecer os fondos, a súa organización e as actividades de mediación literaria realizadas con nenos e nenas de Educación Infantil.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia ás Xornadas de Literatura Infantil e Animación á Lectura e ao Obradoiro de Narración Oral.
Traballos tutelados	Traballo en grupo supervisado polo profesorado.
Presentación oral	Exposición oral do traballo tutelado e debate co grupo-aula.
Proba de ensaio	Proba consistente nunha síntese e reflexión persoal sobre os coñecementos adquiridos ao longo da materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba de ensaio	A organización en grupos pequenos das sesións interactivas permitirá ao profesorado trabar coñecemento co alumnado e realizar o seguimento dos seus progresos.
Obradoiro	
Traballos tutelados	As titorías constituirán, ademais, un espazo para a consulta e a resolución de diferentes dificultades que poidan xurdirlle a cada grupo ou alumno/a.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba de ensaio	A57 A55 A54 A51 A50 A49 A47 A46 A45 A44 A43 A42 A40 A37 A28 A23 A13 A6 A4 A1 B1 B3 B4 B10 B11 B12 B19 C1 C4	Proba consistente nunha síntese e reflexión persoal sobre os coñecementos adquiridos ao longo da materia.	40
Traballos tutelados	A63 A57 A54 A51 A50 A49 A47 A46 A45 A44 A43 A42 A40 A37 A29 A28 A13 A6 A4 B25 B24 B22 B20 B19 B17 B16 B15 B12 B11 B10 B7 B6 B5 B3 C1 C3 C4 C7 C8	Traballo en grupo.	50



Presentación oral	A23 A29 A44 A50 A51 B3 B5 B7 B10 B11 B12 B17 B19 C1 C3	Exposición oral do traballo tutelado e debate co grupo-aula.	10
-------------------	---	--	----

Observacións avaliación



## Modalidades de avaliación

Estabéllese tres modalidades de avaliación:

1. Para as persoas que formen grupo (constituído por un mínimo de catro persoas) e asistan regularmente ás aulas:

Un traballo tutelado en grupo (50% da cualificación).

Estabéllese unha puntuación mínima de 4 puntos sobre 10 para poder realizar a media co resto das cualificacións.

A exposición oral do traballo, tamén en grupo (10% da cualificación).

Unha tarefa de reflexión individual (40% da

cualificación). Estabéllese unha puntuación mínima de 4 puntos sobre 10 para poder realizar a media co resto das cualificacións.

As probas non superadas deben repetirse na oportunidade de xullo, baixo as mesmas condicións que rexen na oportunidade de xaneiro.

Para esta modalidade de avaliación é requisito imprescindible a asistencia regular ás aulas, para a que se fixa un mínimo do 80% sobre o conxunto das sesións, incluídas as saídas de campo e os eventos científicos e divulgativos. Ademais, será necesario realizar todas as actividades propostas ao longo do curso, tanto para levar a cabo en grupo como individualmente.

Ao longo do curso poderase propor algunha actividade opcional, que suporá un pequeno incremento na nota final.

2. Para o alumnado con dispensa académica:

Un traballo tutelado individual (60% da cualificación).

Estabéllese unha puntuación mínima de 4 puntos sobre 10 para poder realizar a media coa outra proba.

Unha tarefa de reflexión individual (40% da

cualificación). Estabéllese unha puntuación mínima de 4 puntos sobre 10 para poder realizar a media coa outra proba.

Para optar a esta modalidade de avaliación, o alumnado deberá pórse en contacto coa docente nun prazo non superior a 7 días desde que lle sexa concedido o recoñecemento de dispensa. Así mesmo, será necesario que realice todas as actividades propostas ao longo do curso.

As probas non superadas deben repetirse na oportunidade de xullo, baixo as mesmas condicións que rexen na oportunidade de xaneiro.

3. Para as persoas que non cumpran as condicións anteriores:

Unha única tarefa individual: unha proba mixta (100% da cualificación).

Para superar esta proba é necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10. De non se superar, debe repetirse na oportunidade de xullo, baixo as mesmas condicións que rexen na oportunidade de xaneiro.

Entrega dos traballos

Os traballos entregaranse en formato dixital a través do Campus Virtual.

Realización fraudulenta das probas



A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: a persoa será cualificada con 'suspenso' (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.





## Fontes de información

### Bibliografía básica

Arizpe, Evelyn e Styles, Morag (2004). Lectura de imágenes. Los niños interpretan textos visuales. Fondo de Cultura Económica. Baptista, Monica Correia, Coelho, Rita de Cássia Freitas; Neves, Vanessa Ferraz Almeida, Nunes, Maria Fernanda Rezende, Corsino, Patricia e Barreto, Angela Rabelo (Comps.) (2015). Literatura na educação infantil: acervos, espaços e mediações. MEC. Bettelheim, Bruno (2006). Psicoanálisis de los cuentos de hadas. Crítica. Blake, Quentin (2010). 1001 libros infantiles que hay que leer antes de crecer. Grijalbo. Bonilla, Elisa, Goldin, Daniel e Salaberria, Ramón (2008). Bibliotecas y escuelas: retos y posibilidades en la sociedad del conocimiento. Océano Travesía. Bonnafé, Marie (2008). Los libros, eso es bueno para los bebés. Océano Travesía. Ceballos Viro, Ignacio (2016). Iniciación literaria en Educación Infantil. Universidad Internacional de La Rioja. Cerrillo, Pedro (2007). Literatura infantil y juvenil y educación literaria. Hacia una nueva enseñanza de la literatura. Octaedro. Cerrillo, Pedro e Sánchez Ortiz, César (2017). El cancionero popular infantil en educación. Síntesis. Chalmers, Debbie (2010). Teatro 3-6. Guía práctica para enseñar teatro a niños y niñas de infantil. Graó. Chambers, Aidan (2007). Dime. Los niños, la lectura y la conversación. Fondo de Cultura Económica. Chambers, Aidan (2007). El ambiente de la lectura. Fondo de Cultura Económica. Chaparro, Janeth, Lluch, Gemma, Monar van Vliet, Maite e Rincón, María Cristina (2022). La biblioteca escolar. Contenidos y materiales. COedCO. Cobas Brenlla, Xoán (2014). "Érase unha vez... A literatura folclórica infantil". Nigra Trea. Colomer, Teresa (dir) (2002). Siete llaves para valorar historias infantiles. Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Colomer, Teresa (2010). Introducción a la literatura infantil y juvenil actual. Síntesis. Colomer, Teresa, Kümmerling-Meibauer, Bettina e Silva-Díaz, M<sup>a</sup> Cecilia (eds.) (2010). Cruce de miradas: nuevas aproximaciones al libro-álbum. Banco del Libro e GRETEL. Colomer, Teresa, Manresa, Mireia, Ramada Prieto, Lucas e Reyes López, Lara (2018). Narrativas literarias en educación infantil y primaria. Síntesis. Córdova, Adolfo (coord.) (2019). Renovar el asombro: un panorama de la poesía infantil y juvenil contemporánea en español. Ediciones de la UCLM. Correro, Cristina e Real, Neus (2019). La formación de lectores literarios en la Educación Infantil. Octaedro e Rosa Sensat. Couto Piñeiro, Xoán, Lamapreira López, Antón e Vieites García, Manuel F. [1992]. Práctica teatral na escola. Ir Indo. Duran, Teresa (2009). Álbumes y otras lecturas. Análisis de los libros infantiles. Octaedro. Durban Roca, Gloria [2010]. La biblioteca escolar, hoy: un recurso estratégico para el centro. Graó. García González, Macarena (2021). Enseñando a sentir. Repertorios éticos en la ficción infantil. Metales Pesados. García Padrino, Jaime (2018). Historia crítica de la literatura infantil y juvenil en la España actual (1939-2015). Marcial Pons Historia. Garralón, Ana (2001). Historia portátil de la literatura infantil. Anaya. Garralón, Ana (2013). Leer y saber. Los libros informativos para niños. Tarambana Libros. Hanán Díaz, Fanuel (2015). Temas de literatura infantil: aproximación al análisis del discurso para la infancia. Lugar Editorial. Hanán Díaz, Fanuel (2020). Sombras, censuras y tabús en los libros infantiles. Universidad de Castilla-La Mancha. Lage Fernández, Juan José (2013). Bibliotecas escolares, lectura y educación. Octaedro. Lluch, Gemma (coord.) (2007). Invención de una tradición literaria. De la narrativa oral a la literatura para niños. Universidad de Castilla-La Mancha. Lurie, Alison (1998). No se lo cuenten a los mayores. Literatura infantil, espacio subversivo. Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Mendoza Fillola, Antonio (2004). La educación literaria. Bases para la formación de la competencia lecto-literaria. Aljibe. Munita, Felipe (2021). Yo, mediador(a). Mediación y formación de lectores. Octaedro. Orenstein, Catherine (2003). Caperucita al desnudo. Ares y Mares. Revista galega de educación, 48 (monográfico "As bibliotecas escolares"), novembro de 2010. Rodari, Gianni (1973/2013). Gramática da fantasía. Introducción á arte de contar historias (Trad. S. Gaspar). Kalandraka. Rodríguez Almodóvar, Antonio. [2004]. El texto infinito: ensayos sobre el cuento popular. Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Roig Rechou, Blanca-Ana (coord.) (2015). Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega. Xerais. Salisbury, Morag e Styles, Martin (2012). El arte de ilustrar libros infantiles. Concepto y práctica de la narración visual. Blume. Silveyra, Carlos (2001). Canto rodado. La literatura oral de los chicos. Santillana. Slade, Peter (1978). Expresión dramática infantil. Santillana. Tejerina, Isabel (1994). Dramatización y teatro infantil. Dimensiones psicopedagógicas y expresivas. Siglo XXI de España Editores. Van der Linden, Sophie (2015). Álbum[s]. Ekaré. Zipes, Jack (2014). El irresistible cuento de hadas. Historia cultural y social de un género. Buenos Aires: Fondo de Cultura Económica.

### Bibliografía complementaria

<br />



## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Didáctica da lingua galega/652G01015

Didáctica da lingua castelán/652G01018

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

Didáctica da dramatización e do teatro infantil/652G01042

### Observacións

Para cursar a materia non existen prerequisites legais, mais pola lóxica na progresión dos contidos dentro da titulación, recoméndase ter cursado antes as materias Didáctica da Lingua Galega e Didáctica da Lingua Castelá. A materia optativa Didáctica do Teatro e a Dramatización Infantil supón unha continuación dun dos contidos abordados dentro do temario. Para a superación desta materia é necesario posuír un dominio profesional das habilidades lingüísticas orais e escritas nas dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma. É aconsellábel, ademais, coñecer a terminoloxía e os conceptos básicos da análise literaria. Nesta materia traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas, homófobas, racistas etc., ou calquera situación discriminatoria, e proporanse accións e medidas para as corrixir e fomentar valores de respecto e igualdade.&nbsp;

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías